

A ROSA GALGA



Ano XXXV — Núm. 485

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

CORRE ARGENTINA

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2933
TARIFA REDUCIDA
Concesión 3727

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1953

O Crime das Democracias

Cando en 1936 un fato de traidores se levantou na Hespania contra o réxime imposto polo pobo en eleccións memorables, todas as democracias abandonaron ao goberno republicán e impediron que se defendera do ataque nazi-feixista, en contubernio cos reaccionarios hespaños. Soio dúas nacións, México desinteresadamente, e Rusia coa súa conta e razón, trataron de oporse ao atropello e axudaron ao goberno lexítimo, bloqueado por un comité de non intervención, que deixaba pasar as armas para os rebeldes e confiscaba as dos leales.

Esta vergenza durou cerca de tres anos, os anos máis fatídicos na historia de Hespania, nos que se cometeron as maiores tropelías no nome dun Deus xusto e misericordioso, e que quedarán como unha mácula nos anais da humanidade. O mundo presenciou de brazos cruzados cómo se asesinaba a un pobo diño e cómo se ensaiaban armas e procedementos — Málaga e Guernica —, que despois se poñerían en práctica na guerra totalitaria que xa se alviseaba e da que a nosa era un pálido anticipo e prólogo seguro. A cobardía das democracias, que coa boca chea de verbas grandilocuentes, permitiron tal infamia, é algo que provoca báscos.

Terminada esta contenda preparatoria, de tanteo, escomezou a verdadeira loita, a loita polo predomínio universal, que o esquizofrénico Hitler desatou coa seguridade do trunfo, e por certo que pouco lle faltou para o outelo. Hespaños republicáns e hespaños falanxistas tomaron parte nela, poñéndose cada un ao lado das súas simpatías. Os republicáns cubríronse de gloria en Noruega e en Franca, sendo os primeiros que entraron en París, ao fronte das tropas de De Gaulle. Os falanxistas, formando a sonada División Azul, foron destruídos polos rusos no fronte oriental.

Pero sucede que os falanxistas actuaron, non voluntariamente, senon como forza organizada dunha nación, con formal declaración de guerra. España, polo tanto, foi belixerante contra a Unión Soviética e indirectamente contra os seus aliados. O caudillo non se recadou para afirmar a súa posición anticomunista hasta verter a derradeira gota de sangue. Non embargantes, Rusia non se dou por enterada en ningún intre de que Franco lle había declarado a guerra e de que había enviado tropas para axudar aos alemáns na invasión do seu territorio.

Fixose a paz. Todos os totalitarismos feixistas, cos seus correspondentes "quislings", foron completamente barridos. O que non fuxeu foi sometido a proceso e aforcado ou fusilado, cando non sufriu o furor do pobo que había asoballado.

Todos esperamos entón que Hespania sería ceibe a causa do restablecemento da democracia, abatida polo asalto nazi-feixista. O asombro non tivo límites cando non somentes non se produxo tal feito, esperado polos mesmos falanxistas, senon que hasta Rusia calou dunra maneira inesquecible, no reclamando, como era o seu deber, a quen ela tiña que considerar como criminal de guerra, para xuzgalo con arreglo ás leis que se aplicaron en Nuremberg.

¿Qué había acontecido? Os entretelóns internacionais están cheos de somas e quizais algún día se saberá o que neles ocorreu. Os aliados desconfiaban de Rusia e Rusia dos aliados. Veu a morte de Roosevelt, o home máis comprensivo, xusto e honorabel de todos eles. Truman, o cristián protestante, tomou ao seu cargo a dirección da política mundial, e iniciou a guerra fría.

O caso de Hespania quedou relegado a segundo término, con evidente cegueira das democracias, e reservado para posteriores convenzas duns e doutros, axustadas a tácticas oportunistas, carentes de todo valor moral e contrarias ao fin que a gran Nación do Norde persiguía e propiciaba, erixíndose en líder dos povos oprimidos pola tiranía.

Non nos estrana, anque nos doía, a actitude da Unión Soviética. Este país antidemocrático non engana a ningún. Continuador do imperialismo zarista, suprimiu toda cras de liberdade no interno e segue a súa liña, tortuosa, pero tendente ao seu oxecto, sen importarlle ren sacrificar a amigos ou enemigos. Por riba de todo está a defensa do seu réxime.

Agora ben; moi distinta é a situación de Norteamérica e de Inglaterra, as dúas nacións reitoras na actualidade, sobor de todo a primeira. Norteamérica é a gran nación democrática por excelencia, a nación que dende aqueles tempos heroicos de Washington, foi en constante progreso, gracias á súa ampla liberdade, até chegar á outura de oxe en día. Nela están fixos, con eispresión de anguria, os ollos de todos os povos que "han sede de xustiza"; non pode defraudalos; sería catastrófico e estúpido que os arroxxara nunra desesperanza sen remedio. En intrs dela mesma está o proceder con toda honestidade para agrupar arredor de si aos que a poderán defender mañán. Doutra zeito, atópase soia e caerá vítima dos seus propios erros.

Esta que é dunha craridade meridiana non se axeita á conduta dos Estados Unidos con respecto a Hespania. Cometeu primeiro a gran equivocación de permitir a invasión nazi-feixista na península, non quixo logo restablecer ao remiñala guerra, o réxime legal que existía nela e agora, para dino remate, fai unha alianza coa tiranía máis eisecrabel da terra e incorpora un totalitarismo da peor especie ao grupo democrático que defenderá as liberdades humanas dun hipotético ataque do totalitarismo ruso. E oxe, como denantes, todo o mundo se cruza de brazos e permañece indefrente diante desta falla de ética e de senso común.

Non nos sueremos botar de profetas, pero afirmamos, como xa o diximos en máis dunha ocasión que namentras non volte a Hespania o réxime democrático destruído polos feixistas, non haberá paz no mundo.

O crime que as democracias cometeron o ano 36 está vivo na mente das xentes e impide que ningún creia na sinceridade dos falsos apóstolos. Ese crime, agrandado polo que se comete agora tera que ser purgado, e a única maneira de reparar tanta inxustiza será restablecendo as liberdades que un día desapareceron da Hespania, mercede a un contubernio infame, do que non quedan libres as democracias, salvo as honrosas eiscepcións de todos coñecidas.

CONTESTANDO A UNHA INSIDIA HESPAÑOLEIRA

No xornal "Galicia" da Federación de Sociedades Galegas con data 30 de setembro ppdo., aparés un editorial que, polo tendencioso e abultado nos seus xuízos encol das labours do Galeguismo, e a súa teima en erixirse en orientadores da coeitividade galega acaron da tan meneada Unidade Hespañola, móvenos a encetar este comento co proposito, craro está, de pór as cousas no seu lugar e ponto.

Primeiramente, diremos, que o Galeguismo, Movemento patriótico de recuperación da personalidade nacional de Galiza, de limpa i entebre esenza democrática e republicán, na Terra e na emigración, e no cal teñen cabida todos os galegos "bos e xenerosos", non importa de que ideoloxía política, dentro das formas democráticas, ten concenza plea do seu rol histórico no devir dos acontecementos da Pátria Galega, i en consecuencia, sabe moi ben que, a liberdade de Galiza e do seu pobo, virá polos galegos mesmos; que non han ser os alieos, quen nos resolan os nosos problemas.

I é por elo, que non pode entrar en ningún Movemento de Unidade Hespañola, onde a personalidade galega fique diluída e anulada diante dunhas comenanzas políticas alieas, que en nada nos beneficiarian e que fundarian por desvirtuar o noso Movemento. Mais enxérgase ben: o Galeguismo, estivo, i está decote, con todas aquelas institucións e persoas hespañolas democráticas e republicáns, animadas dun espírito de loita contra a ditadura que asoballa a Galiza i Hespania, mais pra elo, conservando decote a máis absoluta liberdade d'acción.

En consecuencia, o enxérgase ben, que a coeitividade galega de Bos Aires tratou sempre galeguista e republicán, na súa intensa campaña contra a ditadura de Primo de Rivera e a prol da República e a Autonomía pra Galiza; nos dramáticos acontecementos da guerra civil hespañola coa súa eixemprar movilización total na axuda moral e material á Hespania leal; e na actitude baril, de repudio e condenación pública ao réxime feixista que ven torturando aos povos galego, vasco, hespañol e catalán dende fai dazasete anos. I é de pór de noto que, fronte a esta diña e valente actitude dos galegos emigrados e na cal a Federación de Sociedades Galegas e os seus órgaos d'espresión "El Despertar Gallego" primeiro e "Galicia" despois, xogou un rol importantísimo, é doroso e deprimente comprobar como, a coeitividade hespañola de Bos Aires, acusando unha absoluta falla de sentimento democrático e republicán axiña s'entregou sen loita, nas gadoupas de Falanxe.

As Directivas en pleo das súas institucións, dende o primeiro intre do trunfo do falanxismo, unha a unha, acudiron cobarde e homildemente a faceren antesá na Embaixada de Falanxe.

Todo isto, naturalmente, pon de manifesto duas

cousas: a madurez política da nosa coeitividade e a condición democrática do pobo galego.

Até aquí o eisposto, compe sinalar que, no libre xogo das ideas cando elas xurdiron no seo da familia galega, decote tiveron solucións axeitadas, previa concenza das partes. Mais no caso que nos ocupa, os problemas políticos prantexados, toman un cariz extra-territorial pola presenza nas actividades da Federación de Soc. Galegas, de xentes non galegos (andaluces, madrileños, murcianos estremeños) que xamais estiveron en Galiza e que polo tanto descoñecen os seus problemas; que les importa un rábano o problema nacional coas súas naturais consecuencias culturais i económicas, nin maldito si o enxérguen, empregando pra confundir as nosas xentes, a consabida "cháchara" a prol das liberdades nacionais de Galiza, Cataluña i Euzkadi, e que les serve de disfraz trais o cal agachan solermeñantes, o seu cerril centralismo castelán e ostrogodo, pra así, atacar ao galeguismo do xeito mais acedo, chegando no seu fanatismo reaccionario, a imperdoabel ofensa de luxar as limpas e democráticas páxinas de "Galicia", coa eisaltación d'Isabel a Católica e os símbolos monárquicos, ao referirse con mal disimulado orgullo imperialista castelán, á entrada en Galiza desta pérfida muller e a morte do Mariscal Pardo de Ceia, e como resultas deste feito, a perda da nosa liberdade nacional.

"Isabel, la de la mano fuerte, que empuñaba un pendón morado con el escudo sostenido por un águila bicéfala etc..." (ver "Galicia" do 15 de setembro). No editorial de "Galicia" do mesmo día a este coe-

que nos referimos, atácase as "Xornadas Galegas" ergazadas polo Centro Galego, e nele ponse de manifesto o antigaleguismo que os anima. O Centro Galego de Bos Aires, meritória entidade mutualista e de fonda raigafia democrática que tanto honra aos galegos, non é, non pode ser, unha entidade política no senso que por tal s'entende.

As mañificas "Xornadas Galegas" que ano trais ano ven realizando con grande éisito ao traveso da súa Comisión de Cultura, responden afervoadamente as arelas d'eisaltación patriótica da personalidade nacional do pobo galego. Naturalmente que ao cerril espírito centralista do editorialista de marras, moléstalle como bon hespañol e castelán, o rexurdimento da personalidade nacional de Galiza, igual, igualiño, que lle molesta a Juan Aparicio, funesto ministro de Prensa do goberno falanxista; moléstalle, craro está, que o Centro Galego realice Concursos anuais de Literatura en idioma galego, colaborando así, no mañifico rexurdir da nosa cultura; moléstalle, ¡como lle non vai a

(Pasa á páx. 4)

"LAS AUSENCIAS QUE HONRAN"

Proceder Innobre e Raposeiro dun Escriba Falanxista

O pasquín falanxista "Nuevo Correo" da data 29 d'agosto, traí un brulote que, polo veneno que deborca sobor da coeitividade galega pon de manifesto a impotenza adoeida diante da inteireza democrática e galeguista das nosas institucións.

No brulote de marras, firmado por un hipotético "P. Lugo" agáchase solermeñante a pruma torpona dun que ben coñecemos, que tamén adoita firmar co anagrama de "Bradis" que ao coitado se lle antoxa con aquel le ar británico, as súas trasnoñadas elucubracións.

Mais fagamos historia e de paso, comento do brulote, deste pintoresco escriba.

Dende a terminación da guerra civil hespañola — e van xa, dazasete anos — a franquismo fixo o imposible, sen parar en barras, por meter o seu noxento focio na coeitividade galega afervoadamente galeguista e democrática. A hespañola, lle non deu ningún traballo que de todos modos o falanxismo, salvando algunha que outra cousa, interpreta doadamente o sentimento imperialista e ostrogodo da maioría dos hespaños: o idioma único, a patria unha e grande, a eisaltación das recesas glorias nacionais etc. E foi así, que as institucións hespañolas foran caíndo unha a

unha, como figos madurados nas gadoupas de Falanxe.

Agora, aproveitando a celebración do 12 d'Outubro, o falanxismo teimou unha manobra máis: co gallo dun pretendido homaxe á Arxentina, embarrar a coeitividade galega baixo o control de Falanxe co meneado cuño da Hispanidade, orgaizando atal efecto, unha antroidada de carrozas alegóricas desfiando pola avenida de Mayo... E naturalmente, a manobra fracasou, como fracasaron e fracasarán todas as tentativas acaron dun achegamento co falanxismo, verdugo do noso pobo e das súas liberdades. I é por elo, que a reación se non fixo esperar deborcando o seu veneno nun brulote contra a coeitividade galega coa teima innobre de espallar a confusión entre as nosas xentes e indisponos co pobo arxentino.

E imos ao brulote de marras que dá lugar a este comento. O escriba falanxista dis entre outras simplezas o seguinte:

"Que los enemigos de España son los mismos de la Argentina"... "Son los enemigos de la Argentina, que eluden rendirle este homenaje, por las mismas razones que son, como se sabe antiespañoles, separatistas y rojillos"... "Queda descartado que


cualquier separatista español, tiene que ser también nocivo para Argentina"...

Diante de tais sandeces, un pensa si este probe home, inda que sabendo torpón, non estaría bébedo no intre d'esborrachar as cuartelas, que doutro xeito se non xustifican semellantes parvadas e desatíos.

Ben é certo que os sucesivos fracasos de filtración nos nosos orgaos coeitivos ordeados dende Madri, invalida todo intento de pór en marcha a tan meneada "Hispanidad" nestas orleas do Plata e por eisensión, en América, dado o volume reponderante da nosa coeitividade e o onto desenrolo político e patriótico dos seus orgaos.

Nós, os galegos emigrados, non somos nemigos dunha Hespania liberal e democrática, onde calle a liberdade de Galiza, mais si, o somos, o seremos decote, do falanxismo verdugo e asoballador do noso pobo. E non nos acada que relación pode ter esta nosa afizada e varil actitude patriótica galega fronte a Falanxe, coa Arxentina, esta nobre terra que nos acobilla, mais que na impotenza dos criados de non poder dar conta do reca-

Os galegos emigrados, non nos ne. (Pasa á páx. 4)



OS "RABANITOS" da Federación ceibaron contra o galeguismo, unha guerra lóstrego ("Blitz-krieg") totalitaria que nos deixou apou- vigados, o que nos fixo pensar moi seriamente na necesidade de cons- truír refuxios antiaercoas acitadas.

Hai quen di, que o xeral "rabanita" que dirixeu o ofensiva, foi Don Patricio. Pode ser, porque non? Despois de todo, este simpático gali- ciano é home de moitos folgos... A cousa é, que nunca se sabe ben de onde veñen as balas... quer deca, saber sabémolo, polo calibre. Por exemplo: o fogo cruzado que acotío nos borrgan os "rabanita" coali- gados con Don Braulio o do "Nuevo Correo", é da mesma factura... San as mesmas balas, balas acitadas e ostrogadas, vive Dios!, que os dous bandos a unha, aman apaixonadamente a Dña Sabela a Católica e o seu diño esposo, o aragaois Fernando; a sagra unidade hespañola e o imperial idioma de Castela...

COMO DECÍAMOS, os "rabanita" e Don Braulio, o do "Nuevo Correo" andan a porfia pra vez desegorzar o xoven e vigoroso corpo galeguista que ten a audacia —entre outras cousas— de non tomar en serio a integridade da pátria de Manoloite...

Bon, este é un decir, porque o respeito, qué diríamos dos republi- cans hespañois? Certo, moi certo, que unicamente o traveso da Repu- blica, poremos os galogos acadar a nosa liberdade nacional, pro... co fungueiro na man.

Olla ó peixe e a non esquecernos do fungueiro...

Un "RABANITO" ENTUSIASTA admirador de Dña. Sabela, escribe o seguinte: "Isabel, la de la mano fuerte que empuña un pen- dón morado con un escudo sostenido por un águila bicéfala, que acabó para siempre con las fechorías del feudalista Mariscal Pardo de Cela, que tuvo a Galicia reducida a la tiranía mas bárbara, a la miseria mas espantosa y a las vergonzantes costumbres mas aprobiosas, como "el derecho de pernada"..."

Como vedes, este é o "rabanita" máis pavero da camada que nos anda a comelo millo nunha das leiras meirandes da nosa coledividade. Este coitado "rabanita", analfabeto e mamalón, coida de boa fé, que o feudalismo e o seu consecuente "dereito de pernada" é d'inven- ción galega...

¡Quen che dera a tí, ter "dereito de pernada", inda que fora de co- eño, papón!...

MUTATIS MUTANDI, como diría un amigo que eu sei, que é moi afezoado ós "latinajos" como ele lles chama, todo neste picaro mundo esta suxeito o troque, ren é inmutabel. É unha lei biolóxica.

Emporiso, que non temos que alarmarnos moito porque ós "raba- nitos" llea dea agora pol-a chatarra simbólica da realeza e a eisaltación de Isabel a Católica. Isto, non será democrático, naturalmente, máis aínda: e asquerosamente reacionario, que igual, igualiño, pensa Fran- co, e Gil Robles e pensaba o finadiño duque de Alba mais, qué lle imos a facer? Os hespañois son así de coitados, e non hai volta de feita, tevano no sangue como herdo admirativo o traveso de xearçons de reis, príncipes, duques, condes, marqueses, campos de gules, águilas bicéfalas e o demo do inferno... O lamentabel é, que nunca falta un galego ma- maíón que se contaxia da pauliña hespañola e faílles coro...

LOURENZO FRAGOSO

O Centro Betanzos Pronúnciase A prol do Noso Himno

Por mor de que nas "Xornadas Patrióticas Galegas" deste ano douse a desaxetado caso de que entidades da nosa coledividade desvirtuasen o noso Himno Nacional co tidupo de "Himno aos Pinos", o Centro Betanzos patriótica e meritória entida- de galega, interpretando o sentimen- to da nosa coledividade, cursou a total-as entidades galegas, unha enéxica nota de protesta por tan repudiabel proceder, e facendo ao mesmo tempo, un patriótico chama- do pra qu eningún organismo gale- go colabore en aitos ande a nosa Canción Patria sexa desvirtuada.

Señor Director de "A NOSA TERRA": Da nosa maor estima:

O Centro Betanzos, interpretando o fondo sentimento galego que bule nos corazóns dos seus asociados e que caracteriza de seito craro e in- confundible á coledividade galega de Bós Aires, facéndose eco da xus- ta e patriótica indignación polo in- sólito feito de que no derradeiro Día de Galiza algunhas entidades gale- gas incluíran nos seus festexos o Himno Galego co improcedente no- me "himno aos pinos"

CAÑSIDERANDO

Que é deber de todo galego defen- der as tradicións da Patria simboliza- das na súa bandeira e no seu him- no;

Que trocar o nome do himno na- cional é agraviar os máis caros sen- timentos do povo galego, que res- petou sempre i-en todolos íntres a súa canción patria como a simboliza- ción do seu espírito coledivo;

Que resulta magoante ver a enti- dades galegas caer en feitos tan in- xustificables, como o referido, cando Radio do Estado —con toda a súa sinificación oficial— e outras emisa- ras arxentinas souperon rendir tan doadamente homenaxe a Galiza, in- cluíndo a nosa canción patria nas

súas audicións, co seu verdadeiro nome de Himno Galego; Que o povo galego nunca tivo mes- ter de disfrazar o nome do noso him- no, nin baixo a dictadura de Primo de Rivera, nin baixo o inhumán ré- ximen que sofre actualmente;

Que resulta tanto máis inxustifi- ble que entidades de volumen e re- presentación caían n-isas lixeirizas, cando a coledividade galega que as integra ten manifestado de xeito tan craro e xurdo os seus sentimen- tos de respecto e veneración pol-as cousas da Terra.

O Centro Betanzos — que foi sol- prendido por isos feitos, aconteci- dos precisamente nun aito ao que habia comprometido a colaboración do seu coro, á que mantivo para non crear dificultades na celebración da data patria e non defraudar aos concurrentes a tal aito-na xuntanza realizada o día de hoxe, pol-a unani- midade da súa Comisión Directiva,

RESOLVE:

1.— De hoxe en diante o coro so- cial do Centro Betanzos "Os Rumorosos" non aitará en ningún aito organizado por en- tidades da coledividade gale- ga onde sexa incluído o Him- no Galego con calquer outro nome;

2.— Invitar a total-as masas cora- les existentes en Bós Aires para que se adhiran a ista ai- titude tomando resolucións se- mellantes;

3.— Enviar copia d-ista acordo ás entidades galegas, xornaes e agrupacións corales da coledividade galega.

Pregando a vostede queira tomar nota da devandita resolución, o sau- damos moi atentamente

A. SUAREZ DO PAZO
Presidente
A. LAMBRUSCHINI
Secretaría Xeral

Creación das Mocedades Galeguistas

O día 20 de agosto tivo lugar na sede da Irmandade Galega o aito constitutivo das Mocedades Galeguistas, aito simpático que contou coa presenza d-unha grande cantida- de de mozos, nos que bule o sentimento galego e a inquedanza da liberdade da Patria para a súa eistructuración sobor de canles pro- pios.

Tan trascendente feito como a creación das Mocedades Galeguis- tas achou xa resoancias verdadeira- mente eistrordinarias no seo da coledividade, que ve con fonda sim- patía a situación d-estes mozos nunha entidade política e patriótica a que compre unha importante la- boura na formación dos mozos galegos para o coñecemento dos problemas esenciais de Galiza e o reconquerimento da liberdade que nos permita o desenrolo da nosa personalidade diferenciada.

A xuntanza constitutiva contou coa concurrencia d-unha grande cantida- de de mozos e transcurriu nun marco de outo fervor, —fervor e íntres que se veñen repetindo de sábado a sábado en total-as xun- tanzas—, constituíndo unha grande manifestación de fe dos nosos mo- zos no destino histórico da Patria Galega. Despois de discutirse e aprobarse as bases constitutivas das Mocedades e de elexidas as súas autoridades, o seu Secretario Xeral, irmán Carlos Abreira, pron-unciou unha fermosa e sentida alocución, destacando a nidia per- soalidade nacional de Galiza e a necesidade de achar de novo canles propios para o seu desenrolo, así como o papel que compre ás Mo- ceadades Galeguistas no noso recur- didamento nacional.

Fechando o aito, o Consello de Galiza agasalou aos numerosos concurrentes con un viño de honor, oportunidade na que o irmán Alon- so Ríos eispresou a súa ledicia pol-a constitución das Mocedades, ás que aisaltaba a cumprir a man- da histórico que os fillos de Galiza teñen coa Terra Nai.

Para o desenrolo das súas ati- vidades as Mocedades constituíron as comisións de Festas, Propagan-

da e Prensa, que abarcarán a múl- tiple actividade que os seus entu- siastas compoñentes pensan abranguer con todo o dinamismo de que son capaces os anos mozos. E así como a Comisión de Propaganda xa comenzou a facer xuntanzas de ateneo con discusión libre, para o estudo dos máis importantes pro- blemas de Galiza, através dos máis caracterizados autores que adicaron súas inquedanzas e seus coñecemen- tos á Patria. Estas xuntanzas, que espertan un grande interés, prome- ten ser unha fermosa i eficiente escola de galeguidade para todolos mozos que sinten azos por coñecer a Galiza e aos seus problemas.

Pola súa parte, a Comisión de Prensa está preparando a saída dun xornal das mocedades e a Comisión de Festas organiza varios aitos, entre os que debemos destacar un gran festival que se ven preparando

xunto con mozos vascos e cataláns e que terá pronta realización.

AUTORIDADES DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

Consello Directivo: Presidente: Antón Santamarina; Vicepresidente, Ricardo López García; Segretario Xeral: Calros Abreira; Vocaes: Xo- sé Neira Vilas, Olga María Ares, Delia Gómez Abreira, Antón Mo- rreda.

Comisión de Prensa: Adelina González e Calros Abreira.

Comisión de Aitos e Propaganda: Xosé Neira Vilas, Ricardo López, Amador Rivas, Manuel Somoza, Xosé Castro.

Comisión de Festas: Armando Mato, Pilara Xeremias, María do Pilar Ares, Clotilde Iglesias, Antón Morreda.

BASES CONSTITUTIVAS DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

- 1) As Mocedades Galeguistas constituíense como unha seición da Irmandade Galega.
- 2) Son fins das Mocedades Galeguistas:
 - a) Propender ao desenrolo entre a xuventude galega emigrada e os mozos arxentinos descendentes de galogos, de unha ampria comprensión e solidariedade baseada no coñecemento e respecto á Patria de orixe, Galiza.
 - b) Cultivar os valores nacionaes galegos i-espallar o seu coñe- cemento por todolos medios que estén ao alcance da entidade.
 - c) Apoiar todo movemento tendente a outar a liberdade e o exer- cicio de dereito de autodeterminación da Nación Galega.
- 3) As Mocedades Galeguistas estarán dirixidas por un Consello Di- rectivo composto de Presidente, Vicepresidente, Segretario e ca- tro Vocais, co asesoramento da Xunta Directiva da Irmandade Galega, que estará representada por un dos seus compoñentes, a fin de facilitar a coordinación de tarefas.
- 4) A Tesoureiría da Irmandade Galega constituirá un fondo especial formado pol-as cuotas dos afiliados ás Mocedades Galeguistas e demáis importes que ingresen por coñeito das Mocedades, xunto coas sumas que ela resolva destinar para o mellor desenrolo das tarefas.
- 5) A Asambrea Xeral das Mocedades xuntaráse todolos anos no mes de abril para considerar o traballo feito, tratar normas para o fu- turo e desñar o Consello Directivo. Tamén se poderá xuntar can- do o Consello Directivo considere comenente.
- 6) Sendo as Mocedades Galeguistas, unha escola de formación dos mozos no pensamento galeguista, as reunións do Consello Direc- tivo poderán asistir cantos desexen, con dereito á verba, mais que- dando limitada ao Consello Directivo a facultade de decisión.

Encol do Noso Idioma

por

MANOEL PEDREIRA

os ataques de que é oxeto. Non é soio un desexo romántico aínda que perfectamente xustificable de ver o noso idioma ocupando novamente un lugar destacado no concerto de lingoas cultas, con unha literatura valiosa e representativa. Non é tampouco unha simple inquedanza folk-lórica, pintoresquismo, nin mo- to menos esa simpleza de algúns que coidan facer galeguismo can- do por casualidade contan un conto en galego. As nosas razóns son máis esenciais i-están enraizadas coas esenciais mesmas do noso po- vo. A plenitude d-un povo é froito da plenitude dos seus fillos e se os galogos se sinten inseguros de si mesmos, se se coute o desenrolo da súa personalidade, si se esfrangu- llan as forzas creadoras do seu espírito, si se limita a facer unha imitación de moldes e culturas alleas, é inevitable caer nunha inercia colediva e no esmorecemen- to do noso pensamento. Por eso nós defendemos ao idioma galego como un dos máis preciados atributos da nosa nacionalidade, non por- que nos diferencie na fala cos ou- tros povos, senon porque ha de permitir ao noso povo loitar contra ese complexo de inferioridades que se procurou imbuir no seu es- pírito, porque será o resorte que lle permita aiciónar toda a súa vi- talidade para desenrolar a súa personalidade e colleitar os promi- sorios froitos do noso potencial creador, hoxe espallado pol-o mun- do.

Ramón Vilar Ponte

A derradeira hora, enterámonos da tristeza nova do falecemento na ci- dade da Craña, do escritor e patriota galego Ramón Vilar Ponte, autor an- tre outras cousas, unha historia de Galiza escrita en idioma galego.

Sin tempo material pra reseñar a rexia personalidade deste vello loitador galego que tanto amou a Patria e de que nos ocupáremos doadamente no próximo número de A NOSA TE- RRA.

A triste historia da persecución ao idioma e ao povo galego ten actualmente, baixo a tiranía de fa- lanxe as formas máis firentes. Non é soio a acción solerminia e nefanda da escola castelanzada, o seu des- plazamento dos orgaismos oficiais, nin a negación sistemática das cousas, como se viña facendo n-outros tempos. Hoxe é xa unha persecu- ción directa contra o noso idioma, que adquire as máis aldraxantes proporcións e impide o espallamen- to do pensamento galego en todas as súas enxebres manifestacións buscando con elo o esmorecemen- to da recuperación nacional que se vi- ña producindo dende os gloriosos Precursores.

Esa acción do feixismo áchase hoxe organizada e dirixida no seu grado máisimo por un tal Xan Aparicio, torvo persoaxe que dende a delegación Nacional de Prensa ven sendo o prototipo na persecu- ción do noso idioma. Dende ese outo orgaismo dictanse úkases con- tra o uso do galego, prohibese fa- lalo en ítos públicos, prohibese a aparición de revistas en galego, e suprímense nos xornaes as colabo- racións en galego, que non poder chegar a usalo nin para contar un- ha inofensiva anéidota, e vense impedidos de informar aos seus lectores do resultado de concursos literarios do idioma galego celebra- dos na Terra ou fora de ela.

Contra esa inofensa de negarnos o dereito máis esencial d-un galego contra esa condena ao noso desenro- lo, ten de reaxer varilmente o povo galego na emigración. Temos de defender a nosa propia existens- cia salvando ao noso idioma e ao pensamento galego do esmorecemen- to a que se nos quer empurrar. E' mester que a coledividade galega de Bós Aires reaxa varilmente e que a nosa acción sexa eixemplo e pulo para os que na Terra sofren directamente esta persecución, per- curando dende eiquí a súa meirand- e difusión e o espallamento das nidias eispresións do pensamento galego que na Terra non poden manifestarse, para que formen conciencia do seu propio valer entre as nosas xentes e digan ao mundo as nosas razóns.

RODOLFO PRADA FALA A NOME DA COLEITIVIDADE NO DIA DOS MARTIRES GALEGOS

Señores membros do Consello de Galiza:

Donas e señores:

Os pobos que en función de patria, contan con mártires, son pobos inmortales; son inmortales, sempre que manteñan acesa a lembranza e sepan honralos. ¡Tal é a vitalidade, a forza de perennidade e o pulo do proiección no vindiño que teñen os mártires! Un pobo pode perder todos os atributos que o fan vixente en función de patria. Forzas alleas, nacións máis poderosas, imperialismos ausorbentes, poden invadilo privándoo de soberanía, de liberdade, de idioma e de cultura; poden afundilo na miseria; poden, incluso, até chegar a arrebatarlle o territorio, e propio chan patrio, espulsando aos seus donos e moradores a terras estranxeiras... Mais, si ese pobo tivo a sorte de dar fillos que souperon sacrificarse no seus dereitos, si ese pobo conta con mártires que soborvivan na súa lembranza, ese pobo endexamáis desaparecerá, endexamáis perderá a súa vitalidade, a súa vixencia, endexamáis deixará de sere potencialmente unha patria susceptible de refacerse na súa integridade territorial e na súa plena soberanía. E elo, pola soa e sinxela razón, de que os mártires son o único atributo, son o único tesouro que forza algunha humán, por máis potente que ela sexa, lle pode roubar a un pobo. A forza humán, os poderes, os usurpadores, os tiráns, poden facer mártires; mais, o que non poden dispós é desfacerlos, o que non poden é borrar o ronsel que deixan no corazón e no espírito do seu pobo, o que non poden é apagar a luz que queñen permanentemente dende o alén.

Quenes fan mártires, coidan, na súa maldade paroxismal, ter acado o triunfo; i en troques, no mesmo intre de facelos, escomezan a perder a partida. A historia de todos os tempos, rexistra con caridade isa tremenda paradoxa. Os mártires conde o cedo, nunha hora calisquera da historia, apritiúen, de por sí, unha xustiza immanente que, tarca o castigo xusto e dá reparación debida. Por elo, o pobo perseguido, o pobo amagistrado e crucificado que teña o privilexio de contar con mártires, é nobre felis na súa propia esventura; é pobo felis, posto que aínda conserva o único tesouro que é iroubabel, e ten con il asegurado o seu porvir, o seu desenvolto histórico a súa profección no vindiño.

O pobo galego, en función de patria, conta con moitos mártires a quenes soupo lembrar e honrar. Por elo é un pobo felismente inmortal. Os mártires don Monte Medullo asegúranlle a súa supervivenza ao longo dos séculos da dominación do imperio román; o mártir Prisciliano asegúranlle a supervivenza da súa incénita espiritualidade frica i ecléctica, belidamente enfeitada de panteísmo, que quixo afogarlle o pechado idiomatismo dos bispos hespañoles; o mártir Mariscal Pardo de Cela asegúranlle a supervivenza da súa personalidade histórica, ao traveso dos cento tristes séculos de agriollamento físico e de amagistramento cultural, encetados pola invasión e a "do-

Como anunciáramos no número anterior, e por consideralo de grande intrés pra os nosos leitores, publicamos hoxe o máis enxundioso da mañífica conferencia dictada pol-o señor Rodolfo Prada encol do noso proto-mártir Alexandre Bóveda, nos salóns do Centro Ourenseño.

de Galiza, feita polos Reises Católicos; os mártires de Carral asegúranlle a supervivenza do seu ideal liberal e anticentrista; e os milleiros e milleiros de mártires victimas da barbarie falanxista hespañola persoificados nas esprevias figuras de Alexandre Bóveda fusilado tal día coma hoxe, e de Castelao morto no cisillo, asegúranlle a supervivenza da súa irrevocabel vontade de refacer a patria Galiza ceibe e soberán.

MONSTRUOSIDADE XURIDICA

¡Cánto darían os esventurados facedores dos mártires galegos, pra poder desfacerlos! ¡Cánto daría o esventurado fiscal que fiscal que pedía a inxusta e ilegal pena de morte pra Alexandre Bóveda, por desfacer a ise mártir que é, honra, luce e guero do pobo galego; por arrincarse da conciencia o dantesco remorso de habere cometido isa monstruosidade xurídica! Monstruosidade xurídica de condanar a un home sementes porque cumpría a obriga de todo cidadán e de todo funcionario oficial de defender as leis vixentes e o goberno legalmente establecido; monstruosidade xurídica e moral de condanar en nome da Lei quenes se puxeran fora da Lei, condanar a nome do Orde quenes produxeran o desorde, condanar a nome das institucións quenes faltaron ao xuramento de fidelidade a elas. Monstruosidade xurídica e moral de condanar a morte a un home que non cometera delito algún, —nin delito de sangue, nin delito político, nin delito moral—, que non quebrantara ningún xuramento, que non vulnerara ningunha Lei. A historia e as propias conciencia, xa istán a pedirllas contas a ise Fiscal e aos componentes do Consello de Guerra, pola inxusta ilegal condena exemplar en todos ordes: no privado e no público; no privado porque Bóveda era un modelo de home; na súa xventude de trinta e tres anos xa era xefe dun fogar constituído como Dios manda, con catro fillos, que mantiña decorosamente cos esforzos do seu honrado, traballar arreo; era católico, bondoso, de conduta reuta e intachabel; e no orde público porque Bóveda era un afervoadado patriota galego, entregado a unha soa causa nobilísima: a causa da liberdade e a felicidade do seu pobo, a causa dos dereitos e da soberanía da súa Terra, súa patria Galiza, seu perxuro de mantela en imandade con demais pobos das Hespañas en réxime democrático republicán.

¡Cánto darían por desfacer os mártires que iles fixeron, e por acalar os dantescos berros condanatorios das súas conciencia, a quiles soborviven vixentes que mataron e mataron no Ferrol, na Cruña, en Sant Yago, en Lugo, en Ourense, en Pontevedra, en Vigo en Tuy i en dúcias e dúcias de vilas e aldeas da nosa sagra Terra, os que asesinaron a Quintanilla, a Xohan Antón Suárez Picallo, a Casal, a Díaz Balliño, a Blanco Torres, a Arbones e a centos e cento máis...! Hoxe, 17 de Agosto, cumprese un aniversario máis do fusilamento do patriota galego Alexandre Bóveda. A galeguidade consagrou iste día, coma Día dos Mártires Galegos, porque en Bóveda, na esgrevia figura do Segretario de Organización do Partido Galeguista, persoificou a os demais mártires de ise e de todos partidos que foron perseguidos pola barbarie falanxista. No Martiroloxio Galego, é, a de Bóveda, a figura cume, deixado que a il lle adique neste aito a miña especial lembranza. ¡E qué fonda satisfacción a de o fagner neste fegar ourensán, neste benquerido Centro Ourenseño, non soio porque Bóveda foi fillo glorioso de Ourense, senón tamén porque istá sempre a latexar nos mesmos ideais patrióticos do mártir Bóveda!

BOVEDA, CEREBRE E AICION DO GALEGUISMO

Bóveda non entendía a política galeguista no senso corrente da loita por posicións, da loita por derrubar a estes homes pra erguer a outros, da loita por chegar o goberno pra soio mandar e impor a vontade o programa partidario. E menos entendía a política coma mantenza pra engordar

e medrar. Non. Il tiña da política un concepto evanxélico, il concebía a política coma roita moral, como unha relixión. Val decir: que a política, a política galeguista a cal istaba al xunguido, se lle tiña que doar todo, todo, sen pedirlle ren pra si mesmo; o único que se lle podía pedir era a redención da Terra, era a felicidade e a liberdade pra comunidade, pra o pobo. Dábanlle noxo os homes que il via achegárense o Partido Galeguista ca facienda de prototipos ou de orientadores asiados. Non tamén se lixa con iles; e menos con aqueles, nos que descubría cobizas, vaidades de figurazón ou subalternos debazos de aproveitamento. E os mareaba reza, aberta e valentemente, por moito que fora o sea aporte intelectual ou económico. ¡Quén sabe si algún resentido por ise catonismo de Bóveda, non infraen fortemente pra impedir o indulto que o salvara do fustilamento! E il, Bóveda, preditaba co exemplo: dáballe á política galeguista todo, todo: o máximo do seu esforzo personal, seu talento, a tranquilidade do seu fogar, súa propia tranquilidade, súa hora de repouso, o sacrificio dos seus fracas recursos económicos, súa honradeza, súa pureza espiritual e seu enteiro corazón galego; e, por darlle todo, até lle deu o seu sangue e súa vida inmolada grotiosamente pola patria galega!

Non era Bóveda a figura espectacular nin a primeira no campo de autoridades do galeguismo; non era diputado, nin do núcleo de escolletos vares precursores do Partido Galeguista; non era dos mestres que sentaron a teoría do galeguismo, nin era a millor pruma, nin a verba máis brillante non era político de arrastre electorero, nin home de forzas financeiras, nin advogado de outo prestixio, que todo elo val pra gravitar fortemente nos partidos políticos. Bóveda non era ren de todo iso, e non embargantes. Bóveda era O HOME-MOTOR do Partido Galeguista; era o eixe sobor do cal xiraba a roda do Partido. O vin craramente na devandía xuntanza de Consello en Compostela. EM, súa opinións, seus informes e súas proposicións fixeron lei. E comprobado no dispós, nas conversas privadas que tiven cas figuras máisimas do Partido: todas elas recoñecían que Bóveda era craro-cébre e forte acción do Partido Galeguista. Por iso, como algún o dixo, ¡por iso o mataron os verdugos da Galiza nosa!

O segredo do prestixio e a preponderancia de Bóveda no galeguismo, isto sementes nisto: na súa disciplina e na súa labouza metódica, práctica, constante e intelixente. Namentras outros perdían longas horas o redor das mesas dos carés en chácharas valdeiras e intrancendentes, il traballaba arreo nas oficinas do Partido; redaitando notas, escribindo artigos, estruturando proieutos, despachando circulares i exemplares de A NOSA TERRA, ou poñendo ao día o ficheiro do Partido; namentras outros se recreaban no cine, no teatro ou no "club", il adicaba as horas da noite, cos eobados sobor do escritorio, estudando os problemas económicos de Galiza e buscándolles solucións. Outros facían literatura, arte e socioloxía, labouzas nobres e dende logo comenentes pra Causa; il facía números e máis números. Outros teorizaban: il realizaba. Outros tecían sonos belidos de vindiños venturosos: il chantaba o pé rexamente nas realidade do día. Outros traballaban por fora; il labouraba por dentro. Outros traballaban por libre: il labouraba

Festival das Mocedades

As Mocedades Galeguistas acháranse organizando un festival xunto cos mozos vascos e cataláns, que terá lugar o día 30 de outubro, no local do A. B. C. de Corcubión, Venezuela 2164. Este festival que contará con valiosos números artísticos enxebres das tres nacionalidades e finará con un baile, ten espertado un grande intrés entre todos os mozos que porán disfrutar unha fermosa velada de confraternización.

baio a máis reza disciplina partidaria. E así lle rendía o traballo. E así, polo traballo acugulado de unha hora e de outra hora, de un e de outro día, polo traballo e soio polo traballo, era o home-motor do galeguismo. ¡Qué isa conduta, que isa liña de acción sirva a tudpos patriotas galegos de exemplo a seguir!

Mais, vel ahí que istas verbas en cal de Bóveda, xa van indo moi longas sin teren, tan siquiera, o mérito de lo amaño e menos de refrexar debidamente os moitos vares e virtudes do mártir Bóveda. Vel ahí que nin tan soio siñala a súa extraordinaria labouza a prol do ante-proieuto do Estatuto d'Autonomía de Galiza, cujas bases, económicas il estudou e redactou; nin da súa decisiva intervención na histórica Asamblea de Compostela que aprobou o Proieuto de Estatuto: nin da súa formidabel actividade a prol do Plebiscito; nin da súa extraordinaria e potente colaboración nos traballos e propaganda que culminaron no resonante triunfo electoral de Febreiro de 1936... ¡Nin da súa lealdade a República, nin da súa reza e valerosa acción enaquelas horas dramáticas da trización, epóndese merea e valentemente aos fauciosos no intre esventurado da fraqueza e do esmorecemento dos homes que, en Pontevedra, tiñan a responsabilidade do goberno! Il, que nas horas de paz, nas horas doudas de situación política, sempre lle fartaba seu corpo no esibicionismo e se empechaba no xugamento da masa partidaria, il foi, na hora aspra do risco, na hora das responsabilidades traxicas, o primeiro que saltou a porse no parapeto máis dianteiro e perigoso, e foi que asomiu, serca, consciente e afervoadamente, a responsabilidade máisima, a responsabilidade máisima, a responsabilidade por todos!

El ficou revelado que Bóveda, non soio era o home-motor do galeguismo, senón que era, tamén, un grande home de Galiza.

O CRIME FOI NA CAEIRA!

No momeo do 17 de agosto do tráxico ano de 1936 tamén día lus como de hoxe, nas aforas da cidad de Pontevedra, diante da paisaxe maravillosa daquela terra galega, co soio ugarimo dun rumoroso piñeiro, foi fusilado o noso Alexandre Bóveda, polos delitos de sere leial ao réxime do goberno legal, e polo seu afervoadado e imbatibel patriotismo galego! Morreu con enteira e ca barileza dos outros herois e mártires da historia. Como que tiña en si mesmamente, as rezas forzas moraes que empristan, nas horas de door, e honradeza aerisolada, o ideal nobre, o patriotismo alcadido, a fe relixiosa e a tranquilidade de ter as mans e a conciencia

limpas e cristalinas como a lus do sol, e como as augas dos regatos das nosas montañas.

Lembrando a sonada clexia de Machado, a aquil outro mártir que se chamou Galea Lorca, decimos: ¡O crime foi na Caeira! E foi o pé dun sagra piñeiro, diante dunha paisaxe de enseno, no intre de esvaifrense as somas da noite no crar do amañoer. Os chumbos cuspidos polos fusiles do piquete militar, furaron o doce curazón de Bóveda... A esbourada da descarga, espaxeou pola bisbarra o mensaxe trémido da morte dun dos "bos e xenerosos". O medrugado, ros paxaros, alporizáronse espaventados e déronse a trinar atristurados; o vento maino da mañanica zoaba margarado nas ponlas dos árbores; o prácido Lérez rezaba baixiño sola infinda pesadume; as audas da Ría, no seu inqueo ir e vir polas areas de praia, tecían unha door cósmica; e os labregos, que encetaban súas labouzas, no desespero da impotenza, esguerron os puños e fitaron cara o ceo...

DNAS, Sres. E IMANS:

Os Mártires Galegos, os nosos mortos aínda non teñen acougo. E o non terá, namentras a patria, pola que iles derca suas vidas, fique escravizada; namentras seus verdugos sigan sendo verdugos de espita galega. Non poden ter acougo, cando se persegue a Galiza na súa máis sagra espresión: no seu idioma, na lingua do seu pobo. Non poden ter acougo, cando se está facendo artesiramente con fíos de noxenta intención política falanxista, cando se está facendo un tremendo sarcasmo, no cal se fan xirar imprudentemente os limpos nomes dos galegos de Bós Aires e do noso grandeiro Centro Galego, o tremendo sarcasmo de proientar o erguemento de un moimento á Nai Galega na Cruña, baixo a dirección eo patrocinio do réxime que máis martirizou as nais galegas, que máis curazóns de nais galegas fendeu, que máis bagoas e saletes ten custado ás nais galega. Nosos mártires istán desacougados. Non pode a coleitividade galega de Bós Aires, non pode ningún emigrante galego dino, axudar a que se cometa ca nai galega, ise tremendo sarcasmo. Si o señor Alcalde da Cruña e demais corifeos, que andan a tecer e proieuto, o fan por sincero arrepentimento das infindas doores que, polo réxime de iles, sofreron e sofren milleiros e milleiros de santas nais galegas, cujos fillos foron fusilados e asesinados, ¡qué o digan!, nobre e craramente, e que, o mesmo tempo, se quiten do meio, se chimpen fora, pra deixar que o pobo galego, ca súa tenura inxénita, enxugue as bagoas e poña bálsamo nas feridas das sofrintes nais galegas, pra logo erguer no cume máis outo da patria Galiza, ca axuda gozosa dos emigrados galegos, o grandeiro e belido moimento que se merezca a sofrida, a heroica, a garimosa, a santa nai galega e tudolos tempos.

¡Entón sí, que os nosos Mártires ficarán acougados e dende o alén, ollarán ledos cara á terra sagra, cara a Galiza pola cal morreron!

Dixen.

Homaxe a Don Pedro Campos Couceiro

Unha da máis meritórias, respeitables e queridas figuras da nosa coleitividade, Don Pedro Campos Couceiro, vai a sere axueo dun grande homaxe que acordou renderlle a Irmandade Galega en recoñecimento ao seu afervoadado patriotismo galego e ao exemplar apostolado galeguista que ven desenrolando sen acougo ao longo de máis de trinta anos. Home d'acción intensa e constante a prol de canto sexa prestixio o nome de Galiza, erguer i espallar o idioma galego e procramar e defender varilmente os dereitos do povo. Don Pedro, como garimosamente se lle chama, ten acodado xeral respeito i estina no seo da nosa coleitividade.

Dal que o felice acordo da Irmandade Galega, espertou ampla satisfacción en todos os seitores da coleitividade galega, podéndose asegurar d'antemán o extraordinario éxito que terá d'ambraque tan xustificadísimo homenaxe que ha consistir nun banquete a servirse o sábado 14 de novembro próximo pola noite nos salóns do Centro Betanzos, México 1669.

Morreu Manoel López (fillo)

O día 6 de setembro p.pdo. deixou d'existir, após de sofer perante cinco meses unha fatal doenza, o noso compatriota e dileito amigo Manoel López (fillo), vello loitador galeguista e home dunha grande estimanza no seo da nosa coleitividade a prol da súa eficaz e patriótica actuación.

O seu falecemento produxo unha fonda mágoa na coleitividade e moi especialmente no galeguismo e no Centro Pontevedrés onde conta ba con moitos i afervoados amigos, pódndose de manifesto pol-as ofrendas frorais d'amigos e institucións e na numerosa concurrencia que velou os seus restos e deu compañía á súa derradeira moradia no Parteaño do Centro Galego.

Moi xoven aínda encetou a súa atuanza patriótica na sociedade de Silleda onde axiña se destacou como un elemento directivo de grande eficacia pol-o seu entusiasmo e capacidade de traballo. Aituu após, na Federación de Sociedades Galegas onde desempeñou cárgos de responsabilidade representando a Sociedade de Silleda. Na "Agrupación Celta" tivo actuación destacada, sendo varias veces representante no Centro Galego.

Acarón do rexurdimento á vida

coleitiva da entidade patriótica "Irmandade Galega", Manoel López (fillo) aitia con afervoadado patriotismo, ocupando postos de responsabilidade con grande acerto merecendo a obrigada reelección en distintas ocasións.

Máis onde López (fillo) puxo de noto o seu verdadeiro valimento de home orgaizador, foi no Centro Pontevedrés, no que ao fronte de diversas comisións realizou unha labor ponderabel e d'afervoadado orientación patriótica galega, prodigándose con tanto espírito de safrezo e liberalidade, que a ele debe esa meritória institución moito do seu progreso e prestixio acarón das grandes institucións da nosa coleitividade.

Diante o Panteón do Centro Galego, onde acougan os seus restos faláron con fonda emoción Don Antón Rodiño Escudero, en nome dos amigos, e Don Cándido Rey en nome do Centro Pontevedrés e da coleitividade.

Nós, dende estas columnas de "A NOSA TERRA" evocamos con fonda emoción, ao amigo, e patriota Manoel López (fillo) e facémolle chegar aos seus familiares a nosa máis fonda condensa.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A ROSA TERRA

¡ NUESTRA PATRIA !

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideas
E gloriosos instintos...
Esas... non pode non o duro
ferro.
Nin a morte extinguillos.
EDOARDO PONDAL

Ano XXXV — Núm. 485

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Galegos e Anti Galegos A Personalidade Nazonal dos Galegos

por BIEITO CUPEIRO

Un periódico de colectividade — que supo acadar estrera outo prestixio en longos anos de valente aición a prol dos dereitos do povo galego, e dos principios de liberdade e democracia fal pública no número correspondente ao 15 de Setembro derradeiro, algunhas apreciacións tocantes ao galeguismo, que pola súa posición que reflexan, ao trabecamento de conceptos que mostran non podemos deixar sin respoitar.

Varios son os artigos que, cal respondendo a unha consilia, refírense a temas afínxentes ao Problema Nazional Galego, nos que se manexan tópicos tan luxados, como sementes e poden faguer individuos que fican nun lamentabel atraso; a tras máis das modernas concepcións políticas que fan do dereito a libre determinación dos povos, un dos alicerces sobre dos que se asentán as teorías democráticas.

O Galeguismo non é como coindan estes patriotas SUI GENERIS, a doutrina política dun determinado sector da opinión galega; senon un movemento patriótico que abrangue a homes de diferentes credos ideolóxicos, por xunguidos e irmandados todos por un ideal superior o ideal de Patria. No Galeguismo militan xentes de dereitas de centro e de esquerdas; porque entenden que porriba das súas distintas meneiras de interpretar os problemas da Patria, está a Patria mesma. As doutrinas políticas non son máis que os diferentes xeitos de cómo cada cidadán entende millor servilla. Elas son os meios, a Patria e o fin. Emporiso que o Galeguismo, como partido non é outra causa que "o patriotismo en función política". E nista premisa fica a principal razón do espírito liberal e democrático que sempre o caracterizou xa que pra o Galeguismo, tudolos galegos son irmáns, pensen como pensen e sintan como sintan cúa condición SINE QUID. NON de que por escriba de tudo, seían bós galegos.

O Partido Galeguista, xurdeu da necesidade que tiña Galicia de contar cunha agrupación política que ficara por enteiro ao seu servizo; xa que es partidos tradicionais, endemáxis aiciónaron encol dos intereses da nosa Terra; estaban ao servizo das ordes de Madrid, e das súas comenencias partidistas. O Galeguismo ten a misión específica de tonificar — permitaseme a frase — o espírito cidadán do povo galego, escarnejado bulrado, lesviado decote dos seus intres esenciaes, por doutrinas alleas, desaxeitadas ás súas necesidades nacionais. Ista forza moralizadora das diversas prácticas políticas, culturais, etc.; que se desenrole no sementes no chan nativo, sonén temen onde moren as nosas colectividades, non tería razón de existir, si Galicia fose ceibe e tudo canto se fai nos aspectos enunciados, tivera modalidades caracteristicamente nosas orientadas a unha cada vegada meirande perfeición, de todo canto se particulariza e define como especificamente galego.

Por istas e moitas outras razóns, que sería moí longo espór, é píllo que se non pode chegar a isa un-

dade que se prepara; sen dúbida por unha torpe interpretación de que ela supón, xa que non pode traxarse nin grupo homoxéneo, e que é diverso, heteroxéneo, vario... Poden, si, unirse, pro non unificarse distintas nacionalidades, pra con elo acadar obxectivos comúns. Mis eiqui unha das promesas nas que se basa o federalismo. Pretender o contrario, é negar os feitos o que se afirma coas verbas, xa que o lóxico houbera sido tentonar a unión das, si se quer, colectividades hespañolas, e non da facisistente colectividade hespañola como se manifesta, pondo de releve un ausoluto descoñecemento de problema ou perseguido ceccais enxetivos que nós galegos, non nos intresan ren.

Trátase de xustificar a teima unificadora, manexando un tópico tan grato pro sentimento dos galegos, cal é a recuperación da réxime republicano de 1931; pro tampouco iste problema se sabe encarrar co criterio realista que aconsellan as circunstancias, e os tempos en que nos toca situar.

As institucións creadas en 1931, como orgaismos xurídicos do réxime Republicano, estan definitivamente mortas; e non morreron vítimas das iras fraticidas dos creadores do "Imperio", senon de resultados da falla de visión política, da mesquindade que pra recoñecer o lexítimas dereitos das nacionalidades, puxeron de manifesto os guieiros do novo réxime. Emporiso que o que compra, e non confundir institucións fracasadas por non axeitarse ás ideas, co espírito da Península, cos ideaes, co espírito republicano e democrático de noso povo, e das demais comunidades vivas que fican baixo a brutal hexemonia do estado centralista; porque si aquelas fican mortas, iste permañece vivo, acceso latexate. O lóxico entón é aproveitar iste sentimento, istas anxeios nunca satisfetos, n n pra voltar aos erros do pasado, que a tan outo precio estamos pagando agora, senon pra constituir algo xusto, duradero e definitivo, ou seña: un réxime que permita o libre desenrolo das particularidades e atributos dos povos que compoñen o Estado Español, sin ningunha crás de dependencias alleas que equivale decir a República Federal. Os galegos soio poderemos formar parte voluntariamente do dito Estado, si este ha constituirse dunha maneira racional, pol-a libre asociación das nacionalidades que o compoñen, pero ista solución — a única que poderá evitar o desmembramento disa entelequia xurídica chamada España — soio podería chegar si tudel-s seitores das forzas democráticas hespañolas estiveran dispostas a recoñecer o dereito á libre determinación dos povos peninsulares. O Pacto Federal, sementes pode conceitarse entre partes que gozan dos mesmos dereitos e das mesmas libertades. Pero até o de agora non ve nos de ningunha das devanditas forzas, se mostren dispostas de que tal aconteza xa que inda é doado al viscar que, entre os que poderíamos chamar especificamente hespañoles os que non soñan con trasnoitados imperialismos, p-

Sempre que os galegos nos atopamos xunguidos diante de algo noso, na ar de comunidá nos envolve o espírito. Sentimos sin saber porqué que o berro do sangue nos peita no curazón puxando por sair dos beizos en forma e son de aturuxo brincadeiro. E un feito instintivo, é algo que se nos escapa a veces sin darnos conta. E unha explosión necesaria que de non producirse quedaría en forma de angurio, de desazón produto de unha necesidá non cumprida, dunha aspiración non realizada.

O Urismo do poeta trasunta a súa alma a través de sonetos inmortales, a harmonía creadora do músico en pentagramas imperecedeiros. O pintor en policroma combinacións subugantes, ero todos os mortales, en máis ou menos grado, sentimos dentro de nós en certos intres a imperiosa necesidá de esteriorizar aitos e feitos en relación directa con circunstancias en que parecira que vibráramos como cordas musicas por simpatía co ambiente que nos rodea. Isto é un dos maiores xestos do home como ser racional. E a presenza da súa personalidade. Así que cando os ollos diante da paisaxe que nos lembra o terruño ou o olvido captando os aires dunha gaita galega como formas simples de representación psicolóxica fan vibrar a un home de emoción; ou cando as complexidades dos problemas rexionales fanlle sentir sin saber porqué a necesidá de aiatuar d'acordo a certa postura ise home está demostrando ter unha personalidad. A personalidad

Tarsilo Pedreira

O 18 d'agosto p. pdo., na vila de Rivadavia (Galiza) faleseu a consecuencia dun accidente de traballo cando estaba a enectar unha instalación eléctrica nunha mina, o xoven Tarsilo Pedreira, irmán dos afervoados galeguistas Demófilo e Manoel Pedreira este último, segredario da Irmandade Galega e activo colaborador de A NOSA TERRA.

A ambos, e á estimada familia residente na Terra, facémolle chegar o noso máis sentido pésame.

ñense en plan de xenerosos ofrecendonos, inda non de boa gana, un menguado Estatuto Autonómico, que é o mesmo que querer perpetuar o dominio de Madrid. Iñoran que es galegos, como tudol-os povos diños, sabemos que pra oute libertades, hai que eisixilas ou conqueilas inda que seña pol-a violencia, e que non nos engaiolan con falsas atitudes de pre-sunta xenerosidade.

Os galeguistas podemos xuntarnos con calquer grupo ou partido de tendencia democrática, sempre que amoste un sincero propósito de loitar a prol de comúns anxeios de liberdade, pro nos codamos que non reunen istas condicións, os propósitos unionistas que veñan aparelados con loubanzas ás aguias bicéfalas de Castela, símbolos de cerril e magoante cesarismo central ista.

por FIZ FERNANDEZ

de quenqueira que sexa pero que está vencellada ca esencia nacional de Galiza. E a súa personalidad de galego. O que tales cousas non sinte, e alleo a todo elo por ourixe, ou sinón non-o quere demostrar. Ten o seu complexo; a súa falta de personalidad salta a vista, e nós non podemos tolerar que as posturas de aición de tales homes se confundan nin siqueira por casualidá ca verdadeira representación da nosa esencia de ser galegos.

Craro está que iste problema da personalidad é un tanto complexo pra desenrolado e comprendido fácilmente, mais os feitos son os que mostran ás craras a súa realidade. Por iso é que estamos todos d'acordo en defender a Galiza mentras non se nos pregunta porqué. En canto a pregunta xurde, armase a discusión e aínda chegamos a reñer. O certo é que a personalidade galega xa non soio no intre persoal senon no social existe e formamos eiqui unha colectividá con personalidad definida i en Hespaña un povo con personalidad tamén definida. Pois ben, de donde nos ven isa personalidad? Pois nos ven de todo o que é galego, vale decir que non pode ser nin se confundir co xeito de ser d'outros povos. Entonces... que é o que debe defender un galego pra non se treizoar a si mesmo nin ao seu povo? Está craro, que todo o que sexa enxebremente galego. Iso ten un nome; chámase galeguismo. Así a secas os como se queira, pero gramaticalmente caímos en iso: galeguismo. E sementes como galeguista, d'acordo co devandito un fillo de Galiza pode ser tido na sociedade por un bon galego. Que digo, aínda por bon home. Por home sincero consigo mesmo cos seus autergos e cos seus irmáns do povo.

Furgando un pouco máis na significación filosófica da personalidad como rebelión do ser, diante do anonimato da besta, recoñecemos que personalidad é cuasi sinónimo de libertad. Un home pra poder poñer de manifesto toda a puxanza da súa personalidad ten de ser ceibe. En busca d'isa libertad fuxe da terra e trunfa o galego. Eiqui é donde quero facer pensar a algúns de cómo non entenden de que pra que Galiza poida desenrolar a puxanza da súa personalidad tamén ten de fuxir do

orden de cousas que a teñen trazada nas súas posibilidades. Si é o mesmo problema dun galego trasladado a todos os galegos ou sexa á nazon galega? Da súa personalidad de galego loitador comparada ca nazon galega en loita secular ca limitación estatal do goberno centralista... Si no orde persoal particular o individuo conta co dereito natural como protección pro o seu libre albedrio e conquistar o camiño que mellor lle convén; no orde nacional anque ise mesmo dereito natural non pode ser valorado por causas de poder de mando, réstanos a vía política como vía de lexítima defensa. O galeguismo, como política rebasa o concepto común de militancia pois queda demostrado nas verbas anteriores a súa profunda base moral. Moral humanista. Moral que via en busca do reencontro do povo galego co seu destino histórico. Reencontro que ten muito máis do que parece ca integradá persoal do individuo, val decir, do home galego, satisfacción de ser que atopa o que se sabe membro dunha familia respectabe e moralmente forte. O galeguismo, como moral política, é unha parte da ética na nosa conducta. O apoliticismo galeguista é unha tradición consigo mesmo e para a colectividá a que se pertencece. Unha falta de definición dunha personalidad que tiña de se manifestar e fica afogada na persoa de quen se trate.

O galeguismo, como política, cumpre a máis dunha misión moral, outra de civilización loitando a carón das forzas regresivas que son as que afogaron até agora o desenrolo completo das posibilidades culturais do noso povo. Por elo o galeguismo é un fautor de progreso. A historia lévanos a, través de dúas forzas unha de progresión histórica, a outra de regresión histórica. A civilización e a cultura teñen ao seu cárrago a progresión histórica como posibilidade dun millor convivir, dun mundo millor que virá. O galeguismo, como elemento de moral, de cultura e de civilización, figura dentro das forzas indestructibles de progresión histórica que non porá ser esnaquizado por ningunha forza opositora, porque ista forza será como é de regresión ou de barbarie. Por iso loitam os nosos sentimentos fortes e felices, porque, formamos parte da falanxe de homes que no mundo son muitos millós que loitaron, loitan e loitarán pra destruír da superficie da terra todo resto de barbarie e de regresión histórica.

Ausencias que Honran

(Ven da páx. 1)

gamos de ningún xeito a renderlle homaxe a Argentina, que o noso homaxe é acotío, co traallo honrado e a laboriosidade proverbial das xentes da nosa raza, colaborando aereo, no constante progreso deste gran país, nosa patria de adoución.

O noso homaxe a este país que nos acolle, son os millóns de descendentes galegos, auténticos cidadáns arxentinos que participaron decote activamente no desenrolo e progreso da Nación, no agro e na cidade; en quefaceres da política, na cultura, nas ciencias e nas artes, e entre os cuais, facendo unha só mención, podemos sinalar con lexítimo orgullo ao prócer Bernardino Rivadavia, o primeiro presidente dos arxentinos.

Nós os galegos, somos e seremos separatistas, fronte ao ausolutismo centralista, hespañoleiro e reaccionario do falanxismo, nemigo e vltimario do noso povo. I en canto a que un arredista galego, como afirma o escriba falanxista, é nocivo pra Argentina (válalos Deus as cousas que hai que ouvir!) só diremos o seguinte: Que si as autoridades hespañolas poideran botarlle man aos próceres de Mayo e ao propio xeral San Martín apodrecerían na cadea ou fusilábam os sea máis trámite, por separatistas, como se ven con Miranda de Venezuela,

Rizal de Filipinas; os fusilamentos de patriotas cubanos, que sublevaron á opinión universal; Companys en Cataluña e Alexandro Bóveda en Galiza.

Dende o século VI até hoxe, o cervil imperialismo castelán cunha tozudez bárbara, diña dun cabreiro das queimadas estepas casteláns, non fixo outra cousa que torturar, chantar na cadea e asesinar aos patriotas das racionalidades asoballadas baixo o seu imperio.

Lebrémonos do tristemente célebre duque de Alba nos Países Baixos cos asesinatos en masa de provações inteiras pra contar a rebelión do povo contra a bárbara dominación. Lebrémonos da nosa Terra coa enxurrada homicida ceibada polo falanxismo contra centos de patriotas galegos en nome dunha Hespaña ostraçada e pusilamine de toureiros, militares chulos, terratenentes feudais e un clero venal e antieristiano.

A Arxentina, señor escriba a soldada de Falanxe, que xurdeu á face da Terra como un povo ceibe e diño, loitou afuzadamente cos mesmos nemigos que asoballan e martirizan a nosa Patria galega, e na súa limpa traxectoria histórica de Nación ceibe, endemáxis se puxo de parte dos apreciadores dos povos que a súa liberdade é respectada.

CONTESTANDO A UNHA INSIDIA HESPAÑOLEIRA

(Ven da páx. 1)

molestar!, que se eisalten as virtudes da nosa raza galega.

Pro qué pretende o escriba castelán, que se fixera a calsitación dos reis Católicos e das súas águas bicéfalas, ou comentar as tropelias por Europa adiante de Carlos V ?...

Nembargantes todo canto ven sucedendo, sabemos difrenzar doadamente, entre a Federación i eses señores que, abusando da boa fé e da toleranza dos galegos federados, usufrutuan indebidamente as columnas do seu periódico, pra arremeteren contra Galiza e as nobres aspiracións do seu povo, asoballado perante séculos pol-as "águas bicéfalas" do centralismo hespañol, que por certo non é unha "astración", sinón, unha cruel realidade.

A todo isto, compre consiñar este feito único na historia da nosa colectividade, decote tan ciuamosa das

nosas cousas: que elementos non galegos e indexesábeis, valéndose da insidia e do confusioismo, intentan luxar o limpo historial democrático e galeguista da Federación. I é por elo, que nos impomos a obriga, por patriotismo, de facer un chamado a todol-os federados pra que sen máis trámite, se poñan a tarefa, por unha elemental hixiene federal, d'eispulsar a estes elementos indexesábeis, por confusioistas e nemigos de Galiza e o seu povo.

Si estes señores son demócratas e republicanos de verdade, o que compre é que o demostren desenrolando a súa aición encol da republicanización das entidades hespañolas que bastante falla lles fai, que as nosas non teñen mester d'ourentadores nin d'escribas que só serven pra crear confusioismo entre as nosas xentes, teimando solerminamente desnaturar as finalidades específicas pra as que foron creados os nosos orgaismos colectivos.